

**PREMIOS DA CRÍTICA** Pola esquerda, Manuel Rivas, María do Cebreiro e a crítica literaria Chus Nogueira, na rúa do Vilar, momentos antes de comezar o acto de entrega dos Premios da Crítica Española 2015. Foto: Antonio Hernández



## María do Cebreiro e Rivas recollen o Premio da Crítica

**LITERATURA** María do Cebreiro e Manuel Rivas recibiron onte en Santiago os Premios da Crítica 2015 polo poemario *O deserto* (Apiario, 2015) e pola novela *O último día de Terranova* (Xerais, 2015) respectivamente. O acto organizado pola Asociación Galega da Crítica (AGC), coa colaboración do Ateneo de Santiago, contou coa presenza da autora e do autor recoñecidos pola

Asociación Española de Críticos Literarios, a proposta da Asociación Galega da Crítica, que todos os anos escolle a mellor poética e narrativa en lingua galega. A obra de Rivas foi presentada pola crítica literaria Dolores Vilavedra e a de María do Cebreiro por Inmaculada Otero. Logo da intervención de ambos autores procedeuse á entrega de premios e á clausura do acto. **REDACCIÓN**